



LITERATURA

Tentando acabar coa guerra

A Guerra Civil e a novela galega manteñen unha relación iniciada nos oitenta por unha xeración de escritores dispostos a non deixar pasar a historia.

(Camilo Franco)

A memoria non é cousa do presente. A novela compórtase en ocasións como un ferramenta histórica, como unha maquinaria capaz de reconstruír unha historia con problemas para ser contada desde os ámbitos científicos. En certo sentido, cando a novela se ocupa da historia, a historia se recupera e mesmo pode chegar a popularizarse. En Galicia, o binomio novela e Guerra Civil ou represión formaron unha sociedade que protagonizou un momento singular da literatura do país. Os anos oitenta foron un exemplo do interese dos escritores galegos polo conflito.

Os noventa buscaron outros espazos aínda que as aportacións ao discurso non se interromperon, e nos últimos dous anos a traxedia desencadeada polo alzamento franquista volveu a gañar protagonismo entre os autores galegos, un retorno que se interpreta como a manifestación do interese social por colocar na memoria cada cousa no seu lugar. A coincidencia no actual curso literario das novelas de Manuel Rivas, *Os libros arden mal*, e Suso de Toro, *Home sen nome*, e os programas de recuperación da memoria volven a colocar no centro do debate literario a Guerra Civil e as súas consecuencias.



Desfile das tropas franquistas polas calles viguesas ao termo da Guerra.

Neste sentido o interpreta a crítica literaria Dolores Vilavedra, quen realizou na revista *Grial* (170) unha certa cronoloxía da relación entre a Guerra Civil e o argumentario da novela en Galicia. Na súa interpretación e na que realiza o profesor da universidade de Montana, John Thompson, especialista no tratamento da Guerra Civil na narrativa galega, a segunda metade dos oitenta foron os do primeiro agromar por rescatar a memoria como materia novelística. En todos os casos, a intención dos autores, ademais da directamente narrativa, era equilibrar a interpretación histórica tan inclinada aos vencedores e rehabilitar a memoria dos represaliados.

John Thompson considera que nos anos oitenta a Guerra Civil non era un argumento que espertaba, en xeral, menos atención do que hoxe. Segundo o profesor, «nese período o interese na Guerra Civil era moito mais baixo do que hoxe». Asegura o norteamericano que, en parte, esa falta de atención do corpo social se debeu a que «A esquerda española fixo un papel nefasto en aceptar e promover o pacto de esquecemento». Pero aínda coas circunstancias lectoras en contra, a aportación dos autores é útil: «aínda que non foron lidos polos seus e súas contemporáneos, poden ser lidos pola xente agora».

Thompson e Vilavedra coinciden en sinalar un interese anterior aos oitenta nalgúns dos escritores que padeceron in vivo as circunstancias da Guerra Civil e, moi particularmente en Galicia o fenómeno da represión posterior ao alzamento fascista. Coinciden tamén na figura e na obra de Ramón Valenzuela, *Non agardei por ninguén* (1957) e *Era tempo de apandar* (1980) como un referente da actitude da novela galega por contribuír á recuperación da memoria desde 1936 en adiante.

Vilavedra asegura que «o paso adiante deuno Carlos Casares ao publicar *Os mortos daquel verán* (1987) afastándose do memorialismo». Thompson debuxa unha liña que atravesa toda a década para definir algunhas das variadas intencións que arredor deste argumento foron vendo a luz neses anos. «Penso, por exemplo, en *Desfeita* (1983) de Camilo Gonsar, *O bosque das antas* (1988) de Fernández Naval ou *Land Rover* (1988), de Suso de Toro».

Dolores Vilavedra sitúa no premio Xerais outra das circunstancias para que a Guerra Civil se fixese tan visible na literatura galega dos oitenta como argumento. «Manuel Guede será finalista en 1987 con *Vísperas de Claudia*, ao ano seguinte Fernández Naval faise co galardón con *O bosque de antas*, e en 1991 Xosé Fernández Ferreiro gaña con *Agosto do 36*». Este continuado interese dos novelistas significa, segundo expresa Vilavedra en *Grial*, que «dunha vez por todas a sociedade galega se decidira a axustar contas cun pasado que seguía a proxectarse como unha sombra sobre a identidade individual e colectiva».

Thompson considera que nos oitenta o corpo principal de escritores galegos que argumentan as súas novelas arredor da Guerra Civil e dos seus resultados está formado por autores que viviron algunhas das consecuencias pero non o conflito: «Aínda escribe nesa década algún autor que viviu a guerra de primeira ma, Carvalho Calero, por exemplo, mais si se poden considerar todos os outros (por exemplo, Camilo Gonsar, Fernández Ferreiro, Carlos Casares, Fernández Naval) como a primeira xeración dos e das que non viviron a Guerra e, porén, sentiron a necesidade de escribiren novelas sobre este evento».

Para o profesor de Montana hai unha motivación clara para que estes escritores fillos da xeración da Guerra decidisen volver á memoria para botar luz sobre un tempo. «Estes autores son conscientes de que a Guerra (ou mais ben o ronsel da Guerra) fixo imposíbeis moitos dos seus soños. Entón para eles tratar a Guerra non é tanto unha catarse canto unha consciencia de que só a través da aprendizaxe da historia pode a Galiza de hoxe erguerse e curarse dos seus traumas pasados. No fondo son todos estes autores idealistas —aínda que podan semellar pesimistas ou deterministas debido á temática que tratan— porque queren recuperar a través das súas novelas os proxectos republicanos perdidos».

Restablecer o horizonte que a Guerra tronzou é, segundo Thompson, a motivación última e fundamental que se percibe en case todas as novelas dos oitenta e en case todas aquelas que teñen ao franquismo como paisaxe.

Na dispersión estética, no carácter Interxeracional dos autores citados, nos distintos intereses narrativos, John Thompson encontra unha motivación común: «penso que os e as autores galegos que escribiron sobre a Guerra compartían a necesidade vital de transmitiren á sociedade a memoria da Guerra. Son conscientes de que esta memoria (quer de feitos concretos a nivel oficial, quer de experiencias individuais) é o único medio que temos aprender sobre a traxedia humana da guerra e das súas causas. A memoria, como teñen afirmado autores que viviron o Holocausto, é a arma máis eficaz para loitar contra o fascismo. A razón pola que aínda existen na sociedade os elementos que poden causar o fascismo é a falta de concienciación histórica na maioría da cidadanía. Sen ter un coñecemento máis ou menos obxectivo do que aconteceu antes, durante e despois da Guerra, non se pode realmente ser un axente democrático no presente. Sen coñecer as causas do fascismo en España de canda a Guerra, a xente non pode recoñecer as causas do fascismo que aínda existen».

Para Francisco Fernández Naval, os escritores que nos oitenta volveron sobre a Guerra «fomos a primeira xeración que fixo un esforzo de memoria, un esforzo baseado en contar aquelas cousas que escoitamos, en algunhas circunstancias familiares, pero tamén na esperanza de que a revisión dos sucesos aínda que fose desde a ficción axudase a operar un cambio na sociedade».

FIN DA RESACA

Unha certa resaca argumental pairou sobre as visións máis directas da Guerra Civil nos noventa. Esta pausa remata, segundo Dolores Vilavedra, no ano 1998 coa publicación de *O lapis do carpinteiro*, que desde unha historia real consegue facerse coa atención dos lectores, chega ao teatro escenificada por Sarabela e ao cine coa dirección de Antón Reixa, converténdose en moitos sentidos na referencia das novelas galegas con éxito. Esa recepción quizais cambiase nos lectores a idea de que a Guerra Civil era un argumento duro ou unha lectura obrigada e, aínda que só en parte, puido animar ao sistema editorial galego a retornar sobre un argumento que nalgúns sectores se consideraba gastado tralos anos oitenta.

Vilavedra considera que o cambio fundamental na actitude dos autores é «o paso da memoria á posmemoria», un cambio de foco que leva a temática a esa amplísima posguerra franquista e que segundo o estudo da profesora fixa as historias en ámbitos máis pequenos e mesmo domésticos.

A liña de relación é, por tanto, máis grande e os autores que referencia van desde Luís Rei Núñez con *Expediente Artieda* ata *As rulas de Bakunin* de Antón Riveiro Coello, pasando por unha novela que Vilavedra coloca no centro das aproximacións á realidade histórica na novela: *Polos fillos dos fillos*, de Xosé Manuel Sarille. Anxo Angueira, con *Pensa Nao* ou Xosé Manuel Veiga con *O exiliado* e a primavera completan un abano de perspectivas. Por máis que o caso de continuidade máis evidente sexa o de Xosé Fernández Ferreiro ao darlle continuación a *Agosto do 36* coa novela *Os últimos fuxidos*, coa vontade de contar os sucesos e as súas repercusións.

Para John Thompson esta vontade de memoria dos escritores debería ter unha continuidade en outros ámbitos alén do político, «Eu creo que o que deben facer as institucións académicas (os institutos e a universidade, sobre todo) é promover a lectura e crítica das novelas que tratan a guerra e posguerra». Este é un labor que, segundo o profesor, serviría para ampliar o coñecemento dun momento histórico de Galicia e facer efectivo o traballo realizado polos autores galegos. Ademais, para Thompson, esa difusión deixaría a porta aberta para novas achegas a unha historia non esgotada, «aínda resta moitísimo por escavar, e canto mais remexamos na terra do escuro pasado español e galego, máis preparados e preparadas estaremos para neutralizar as causas do fascismo que seguen a existir na sociedade de hoxe».

A novela galega leva construído desde os oitenta unha particular épica dos sacrificados. Unha recuperación dos anónimos e unha posta en valor de acontecementos que, en sentido estrito, non sería só cometido da escritura literaria, pero que encontra nela un medio de difusión.